

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 16 de MAIO DE 2018**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria extraordinaria que terá lugar o mércores, 16 de maio de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico.

[1.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ 2018](#)

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

[2.- Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 3/2018](#)

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN
PLENO DO 16 DE MAIO DE 2018**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 16 de maio de 2018, reúñese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

D. JUAN ALONSO TEMBRÁS	PP
Dª PATRICIA BLANCO FIDALGO	PSOE
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
Dª ROCÍO FRAGA SÁENZ	MAREA ATLÁNTICA
Dª. Mª ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
Dª ROSA GALLEGOS NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDÉS	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
Dª SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
Dª INÉS MONTEAGUDO ROMERO	PP
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
Dª MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG

D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
Dª. Mª GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
Dª. TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Escúsase a Sra. Delso Carreira.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e oito minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018

INTERVENCIÓN

Sr. Requeira Varela

Bo día, antes de nada, unha breve intervención para xustificar tamén a celebración deste Pleno extraordinario, non estamos diante dunha aprobación rutineira, senón que imos aprobar un plan onde se recollen obras dos 93 concellos da provincia, un plan que ten un orzamento de 74 millóns de euros, e que ademais o segundo punto desta sesión recolle unha achega complementaria doutros doce millóns de euros máis.

Eu creo que estamos diante dunha moi boa nova para os concellos, e a min gustaríame antes de nada darrle as grazas ao persoal do Servizo de Plans por ser capaces neste ano de apurar a aprobación deste plan, praticamente un mes. O ano pasado o Pleno de aprobación, senón recordo mal, foi o 7 ou o 8 de xuño, agora mesmo estamos case anticipando tres semanas esta aprobación, e darrles as grazas e os parabéns aos concellos da provincia, que tamén foron capaces de facer os deberes e tamén son parte fundamental para que neste momento sexamos capaces de achegar tantos fondos provinciais ás economías locais e tamén vaimos a ocasionar un importante incremento da obra pública na provincia.

Con este POS+ inicialmente, co diñeiro que imos repartir, ou que propoñemos o reparto hoxe no Pleno, vanse financiar 402 obras en 92 concellos da provincia, vanse dedicar a copagar, ou pagar servizos de competencia municipal en 83 concellos por valor de 18.414.000 euros, vaise reducir a débeda de 32 concellos da provincia en algo máis de catro millóns de euros, vaise pagar 1.275.000 euros a

provedores que traballan con 17 concellos tamén da provincia da Coruña, vanse facilitar o financiamento doutros plans por parte de catro concellos en valor de 440.000 euros, e tamén se asumen as redaccións de proxectos por valor de 87.000 euros. Polo tanto, estamos falando dunha cantidade importante de orzamentos, que van influír favorablemente na economía da nosa provincia e, polo tanto, nós consideramos que é moi boa nova que este Plan único chegue aquí, chegue aquí antes do que chegou o ano pasado, e oxalá suscite o apoio maioritario por parte dos grupos, se non é posible a unanimidade. Eu agardo que nesta ocasión poidamos aprobalo por unanimidade. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Valorar positivamente esta aprobación, e adiantar o noso voto favorable, tanto no punto primeiro como no punto segundo deste Pleno extraordinario, pero tamén queríamos na mellor das actitudes facer algunha reflexión ao respecto da aprobación do Plan da Deputación, dos prazos e da xestión posterior, posto que hoxe poderemos marchar deste edificio, deste Pazo provincial e, probablemente, todo será positivo, pero creo que hai que facer algunha reflexión, insisto, para tentar mellorar algo que creo que é obxectivo, que é a xestión das obras, e a xestión dos expedientes que xorden como consecuencia desta aprobación.

É certo que hoxe imos aprobar este plan o 16 de maio, o ano pasado foi o 08-06, pero tamén é certo que no 2016 o POS foi aprobado o 26-02, no 2015 o 27-02, e no 2014 o 28-03, polo tanto, creo que é importante facer unha reflexión ao respecto da necesidade de tentar, con independencia de valorar o traballo feito polos diferentes departamentos da casa, valorar tentar facer un esforzo para aprobar o máis axiña posible este tipo de actuacións, posto que, logo despois é necesario dedicar unha serie de trámites e esgotar unha serie de prazos no ámbito de cada un dos concellos, para poder sacar adiante os expedientes. Nese sentido gustaríame facer unha reflexión ao respecto dunha cuestión que creo que é importante, máis se cabe con motivo das modificacións no ámbito normativo que están a acontecer na xestión pública das diferentes administracións, e gustaríame referirme a unha cuestión que creo que é importante, que é a xestión das licitacións por parte dos concellos e a aplicación dos pregos-tipo aprobados por este Pleno, lembro que coa abstención do Partido Popular, porque cremos que os pregos-tipo sinceramente poderían ter unha redacción mellor en dúas vertentes, por unha banda para conseguir a mellor xestión do investimento público, e en segundo lugar para axilizar a tramitación.

É certo que a nova Lei de contratos 9/2017, obriga a que as licitacións sexan realizadas completamente por medios electrónicos, e por iso os novos pregos-tipo da Deputación da Coruña, os aprobados, insisto, coa abstención deste Grupo, adáptanse á lei, e obrigan a presentación de ofertas por parte dos licitadores por medios exclusivamente electrónicos. Iso está a xerar, temos noticias, de que orixina problemas en moitos concellos, especialmente os máis pequenos, os que contan con menos recursos. Se non teño mal os datos, a Lei 9/2017, esixe a tramitación electrónica obrigatoria no mes de outubro deste ano, e polo tanto nós somos da opinión que, por parte da Deputación, habería que aplicar algún tipo de medida para facilitar a xestión por parte dos concellos das licitacións sen a obriga de aplicar os novos pregos no ámbito da licitación electrónica, polo tanto, hai dúas posibilidades, unha é modificar os pregos, que sería complexo ou complicado, pero creo que existe a posibilidade de ditar unha instrución por parte da Deputación, para permitir de xeito

xustificado que os concellos poidan tramitar os expedientes sen necesidade de aplicar ao cen por cento esas ferramentas de licitación electrónica que está a xerar problemas tamén como consecuencia de incidencias que se están a producir nas diferentes plataformas existentes para xestionar ese tipo de expedientes.

Creamos que sería unha medida que axilizaría a xestión, os prazos, e que permitiría que os concellos puideran licitar rapidamente os diferentes expedientes das obras previstas no Plan único, sobre todo tendo en conta que estamos no mes de maio, que o tempo pasa rapidamente, as tramitacións requieren o seu tempo, e obviamente todos coñecemos e temos constancia de que en Galicia o período ideal para facer as obras é no verán, e de persistir estes atrancos, de acordo coas informacións que temos de varios concellos, probablemente moitas das obras comezarían nun período que non é o máis axeitado para executalas.

Esa é a nosa petición, insisto, nós con independencia desa petición e desa reflexión crítica, pero entendemos que absolutamente construtiva, imos votar favorablemente os dous puntos. Moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

Simplemente por aclarar, primeiro agradecer o voto favorable do Partido Popular, evidentemente, e logo recordar que este plan é a suma de varios plans, se comparamos o POS 2017 ou POS 2018, e volvemos atrás, miramos polo retrovisor ao 2016 e ao 2015, veríamos que o POS efectivamente aprobábase case sempre ou en febreiro ou en marzo, pero logo aprobábase o PAI, logo aprobábase o DTC ou o PAS, segundo fora o caso, e o que estaba ocasionando realmente os plans da Deputación era que se aumentara moiísimo a burocracia nos concellos e que os concellos estiveran tramitando coa Deputación continuamente plans ao longo de todo o ano, polo tanto, se isto fose un plan ao uso do que pasaba no 2015, ou 2016, aprobaríamos 24 millóns e medio, pero dos 24 millóns e medio aos 76 millóns, estariamos aprobando durante todo o ano e acabaríamos o ano cos concellos aburríndose de tramitar proxectos coa Deputación. A virtualidade deste plan é que é capaz e, polo tanto, de aí que eu teña que darré os parabéns ao persoal do Servizo de Plans, a virtualidade é que hoxe en día somos capaces de aprobar todos esos plans nun único procedemento, o que deixa aos concellos moitas posibilidades e moita marxe para contratar a partir de agora, é case un milagre que sexamos capaces de facelo entre os concellos e a Deputación nun período tan curto de tempo que eu, efectivamente, creo que se é posible áinda teremos que mellorar porque vai redundar positivamente tamén na contratación posterior.

No caso dos pregos, evidentemente, eu sei que hai encontros para ver tamén as posibilidades que hai e as marxes que permite a lei para que sexa de aplicación más favorable posible, en todo caso, como non é unha área que eu domine, nin controle á perfección, se quere intervir o deputado de Contratación, eu agradézollo.

Sr. Soto Vivero

Bo día a todos e a todas, somos coñecedores de que o Partido Popular no Pleno anterior abstívose na aprobación dos tres primeiros modelos de pregos-tipo que trouxemos á consideración do Pleno, e somos conscientes desa abstención, o que non eramos é conscientes da motivación de dita abstención. Eu penso que tampouco

non sería honrado ou honesto trasladarlle unha problemática a unha institución coma esta, no sentido de bordear, ou intentar darlle unha volta ao que se aprobou en Madrid por subterfuxios que poidamos facer na execución desde a Deputación da Coruña. Os pregos-tipo aprobados ata o día de hoxe adáptanse plenamente ao que se aprobou en Madrid xa hai uns meses, unha lei que propuxo o Grupo parlamentario do Partido Popular e, que se me corrixa se estou enganado, foi aprobada case por unanimidade do arco parlamentario. Unha lei que eu desde o primeiro momento dixen que se facía desde a capital de España, sen teren coñecemento, sen parecer ter coñecemento da realidade territorial do Estado español, un dos grandes problemas que se formula aquí, Agustín acába de dicir, é que más alá dos criterios de adjudicación, ou más alá de moitos dos contidos que levan os pregos-tipo, para mim o principal problema que imos ter no próximo ano é o tema da licitación electrónica pola cuestión que mesmo comentaba de que hai pequenos e medianos concellos que van ter serias dificultades para adaptarse a esa realidade, pero nós desde o Servizo intentamos, desde o primeiro momento, establecer algúun tipo de moratoria, dun ano, dous anos, para poder alternar as dúas vías, tanto a da licitación electrónica, como a vía por papel, como era ata o momento de hoxe en día, pero é totalmente imposible. Entón o que teremos é que artellar outros mecanismos que dentro da legalidade permitan que os concellos, sobre todo os más pequenos, non teñan eses problemas que estamos a comentar aquí.

De todos os xeitos comentar aquí, porque non o dixemos no Pleno anterior, pero temos aprobado tres modelos de pregos, e tamén imos aprobar outros dous modelos no Pleno ordinario deste mes, que son o simplificado, e o supersimplificado, que son procedementos de Contratación moito más áxiles que os tres que aprobamos no mes pasado, e que seguramente van solucionar en parte as problemáticas que antes comentaba desde o Partido Popular.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente por clarificar, o posicionamento do Grupo Provincial Popular na abstención dos pregos foi como consecuencia de que cremos sinceramente que foron uns pregos que poden estar correctos desde unha perspectiva técnica, pero foron redactados con absoluta, digamos, sen contar co tecido empresarial e coa realidade da execución das obras, sinceramente, e cremos que poden ser tecnicamente absolutamente correctos, pero cremos que non van redundar na mellor execución das obras en prazo, en prezo, e na defensa dos mellores intereses para a Deputación e para o interese xeral da provincia.

E en segundo lugar, subliñar que se non teño mal os datos, a Lei 9/2017 non establece de xeito obligatorio a xestión electrónica ata o 18 de outubro de 2018, polo tanto nós o que pedimos é que a través dunha instrucción, ou dunha modificación dos pregos, se poida esgotar ese prazo para axilizar a xestión do POS de xeito inmediato de aquí ao 18 de outubro e para dar máis tempo, por exemplo, aos concellos, á xestión das incidencias que se están a producir coas diferentes plataformas de xestión electrónica dos expedientes de contratación.

Sr. Soto Vivero

Para comentar o que di Agustín agora mesmo, e que non só se contou coa participación das asociacións empresariais, que tamén, contouse coa participación

das asociacións empresariais, contouse coa participación dos 93 alcaldes da provincia, aos que se lle comunicou que podían participar achegando desde os seus servizos técnicos as ideas que alí estimasen convenientes para incorporar aos pregos, contouse cos representantes das delegacións sindicais, contouse con todas as partes integrantes dentro dos procesos de contratación, non só coas asociacións empresariais, senón con todas esas partes que estou comentando, pero ademais diso todos os grupos provinciais tiveron os pregos antes de levalos a Comisión informativa, non houbo ningún tipo de achega, leváronse a Comisión informativa, na Comisión informativa houbo comentarios, pero non houbo achegas para a mellora deses pregos, entón entendiamos que eran os más acaídos para aprobar no seu momento.

De todos os xeitos, desde o primeiro momento tamén se dixo que eran uns pregos-tipo, que non eran un documento fixo para, sendo conscientes tamén de que a Lei de contratos dá lugar a moitas modificacións e moitas modificacións de gran dimensión, eramos conscientes que ao mellor os pregos-tipo que aprobamos non eran os más acaídos para a realidade da contratación nos concellos e más para a realidade da contratación directa que fai no día a día a Deputación provincial. Sendo conscientes diso tamén o noso propósito, e así llo fixemos saber a todas estas partes, é que eses pregos sexan un documento que sexa móbil, que sexa adaptable en calquera momento, cando así se considere necesario, nese sentido a predisposición por parte do Servizo de Patrimonio e Contratación a que iso sexa desa maneira.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Teño que intervir posto que creo que a realidade do Sr. deputado encargado de Contratación é absolutamente diferente da nosa realidade. Nós non fomos consultados nos pregos, nin tivemos ningunha participación porque o Goberno non permitiu esa participación, esa é a realidade, tivemos acceso ao texto con escasos dous, tres días, como moito unha semana antes da celebración da Comisión, sen ningunha participación, que quede claro. Outra cousa é o resto das afirmacións do Sr. deputado, que non podo poñer en dúbida, posto que non afectan a este grupo, pero no referente ao Grupo provincial do Partido Popular non tivemos ningunha oferta, nin ningunha participación, porque non fomos invitados.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. Presidente. Bo día a todos e a todas. Compostela Aberta vai votar favorablemente ao Plan de cooperación de obras e servizos dos concellos porque estamos de acordo cos principios xerais que o motivan, é dicir, a autonomía dos concellos á hora de decidir os seus investimentos, dentro das limitacións ás que obrigan as normas orzamentarias de rango estatal, a posibilidade de destinar os fondos a gasto corrente, e non só a investimento, se os municipios o consideran preciso, e principalmente porque responde a criterios obxectivos, como son a superficie, a demografía, o esforzo fiscal, etc., que son iguais para todos os concellos e non dependen, polo tanto, da cor política de cada Corporación.

Sabemos que se trata dun plan moi complexo de xestionar, tanto para os concellos como para a propia Deputación, estamos falando dun plan cun elevado volume de recursos e con moitas variables na súa elaboración, da dificultade da súa tramitación da fe o feito de que se vai aprobar no mes de maio, despois dun gran esforzo conxunto por parte dos concellos e do persoal da Deputación, como xa se

comentou. Por iso, se me permiten o conto, quizais os servizos técnicos deberían de considerar a posibilidade de eliminar das bases do plan para o próximo ano esa frase que, entre comiñas, di "simplifica as tarefas administrativas dos concellos na realización de trámites".

En calquera caso aproveito para agradecer a todas as persoas traballadoras, vexo que algunhas están hoxe por aquí, dos servizos provinciais implicados, pola súa dedicación e compromiso, tamén pola súa paciencia e comprensión, e polas facilidades que lles están dando aos concellos, pois sempre están dispostas a colaborar e ofrecer solucións aos problemas que inevitablemente xorden. De feito, en comparación co ano pasado, logrouse acurtar en case un mes o prazo de aprobación inicial, como xa se dixo hai un momento. Trátase dunha cuestión importante, pois o momento en que se aproba o plan ten repercusións directas para os concellos, tanto a nivel orzamentario como na planificación dos propios investimentos, pois non é o mesmo executar algunas obras no verán como no inverno, como tamén se comentou anteriormente.

No caso de Compostela, onde por decisión política do Goberno municipal se destina máis dun millón de euros a reducir o déficit de servizos nas parroquias rurais, con obras de grande magnitud, que superan os catro meses de execución material, aos que hai que sumar os trámites de contratación, resulta na práctica moi difícil rematar os investimentos dentro deste exercicio orzamentario, o cal significará un baixo índice de execución orzamentaria, algo que no seu día, estou seguro, reprocharannos no salón de Plenos municipal.

Como xa dixen, entendemos que tramitar un plan como este non é fácil, nin para concellos, nin para Deputación, atopámornos ademais nunha situación na que tras anos de recortes todas as administracións están moi limitadas de efectivos, e ademais tan só o segundo ano que se aplican estas bases, e a práctica e a rodaxe permitirán, estou certo, que co tempo o proceso flúa más facilmente. Desexo que entre todos, con vontade de diálogo e de colaboración, transmitindo as propostas e suxestións dos concellos á Deputación e viceversa, vaimos mellorando a aplicación práctica do plan, tal e como todas as partes desexamos.

E ao fío disto, quixera facer unha reflexión final sobre unha cuestión que non é competencia da administración local, pero que ten graves repercusións sobre a execución do plan, trátase da demora existente para lograr as autorizacións de determinados organismos sectoriais, que dependen principalmente ou da Xunta, ou do Estado. Novamente, entendo as dificultades ás que se ven sometidas as persoas que traballan nesas entidades, pola limitación de efectivos e o alto volume de traballo, pero non é de recibo que un concello teña que agardar máis dun ano por unha autorización positiva para efectuar un investimento, cos riscos que iso supón mesmo de perda de fondos por non executar a tempo, e o prexuízo para a cidadanía afectada.

Nese sentido, agradecería que todos, con independencia da cor política, e pensando no beneficio dos concellos e da cidadanía, traballemos para mellorar na parte que nos toca, a parte práctica deste plan e de todo o traballo municipal, no que ten que ver a execución de investimentos, pois beneficiaría ao conxunto da poboación e ao interese xeral. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día. Antes de nada, en primeiro lugar agradecer, sumándome ao agradecemento que trasladaba o voceiro de Compostela Aberta, ao persoal do departamento encargado de sacar adiante este plan por facelo ben e por facelo en tempo, reducindo prazos e lembrando, como ben facía o deputado desta área, que fronte ao POS de anos anteriores, non de 2017, senón do 16 para atrás, este plan incorpora distintos plans e liñas de subvencións que ata o momento tiñan temporalizada a súa aprobación de forma diferente, e polo tanto ao longo de todo o ano, e é importante que quede claro que, efectivamente, reducimos un mes o prazo de aprobación deste plan e, efectivamente, o POS en anos anteriores aprobábase en febreiro, pero había outros moitos plans, como ben comentaba o deputado, que se aprobaban en Plenos posteriores.

Trátase como dixemos no momento da súa creación, dun plan dinámico, dun plan vivo no que hai incorporacións ao longo do ano, tal e como se vai facer neste propio Pleno, no que se aproba un suplemento de crédito doutros doce millóns, que se incorporarán aos 76, creo recordar, xa aprobados, e polo tanto, iso vén desterrar, e tamén queríamos deixar constancia, o argumento esgrimido no ano pasado de que había concellos que recibían menos fondos, e que xa se dixo nese momento que se irían facendo incorporacións ao plan ao longo do ano e que, polo tanto, iso non ía ser así. Confirmouse, polo tanto, ese argumento dado en 2017, de que non ían recibir menos fondos dos achegados ata o momento, e que se confirma loxicamente tamén para este ano 2018. Máis nada e moitas grazas.

Sr. presidente

Simplemente me ides permitir que Agustín Hernández Fernández, Rosa María Gallego, José Manuel López Varela, Teresa Villaverde País, Carlos Vázquez Quintián, Inés Monteagudo, José Carlos Calvelo, Juan Tembrás, Manuel Rivas, Xosé Regueira, Goretti, Anxela, Manuel Muíño, Xesús Soto, Patricia Blanco, Juan Muras, José García Liñares, José Luis García, Antonio Leira, Manolo Dios, Claudia Delso, Rocío Fraga, Dani Díaz, Gelo, Bernardo, Pequeño, Andrés García, Luis Rubido, Susana García, Mariel Padín, o Servizo de Secretaría, o Servizo de Intervención, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios e, sobre todo, o Servizo de Plans, grazas á conxura de todo este colectivo, é posible aprobar hoxe un plan que significa 67 millóns de euros en investimento, que significa que cada un dos concellos da provincia vai recibir unha cantidade importante para cubrir necesidades que teñen detrás unha demanda social, que no caso dos 43 millóns de euros de investimento significa o mantemento de emprego de máis de dúas mil familias de forma directa, máis os indirectos, e que significa que se reduza ao 50% respecto ao ano pasado o pago a provedores, e que probablemente o ano que vén se quede en cero, e que significa que a redución de débeda se quede en catro millóns de euros para este ano, e polo tanto, agradecer o absoluto compromiso de todos os que participamos e todas as que participamos, en que isto hoxe sexa unha realidade.

Simplemente, e respecto ao que comentaba agora Agustín, dunha posible moratoria na aplicación do sistema da administración electrónica, di o interventor que se pode facer perfectamente a consulta ao Ministerio, e se o Ministerio o ve viable se pode aplicar esa moratoria, que tería toda a lóxica do mundo.

Sumarme á petición que facía Manolo Dios, porque todos temos que fazer a nosa tarefa, nese senso a materialización destes investimentos, todos os que estamos administrando concellos sabemos a dificultade de conseguir as autorizacións sectoriais doutras administracións, así como temos todas as facilidades do mundo en estradas, cando topamos con Patrimonio, cando topamos con Augas de Galicia, podemos eternizarnos e ter que pedir prórrogas á Deputación, e grazas que a Deputación as concede, pero en calquera caso creo que hai que fazer esa reflexión en voz alta, que me consta que os responsables dos organismos comparten, pero que mover esos monstros administrativos non é tarefa sinxela.

Reiterar o agradecemento absoluto en nome dos 93 concellos da provincia, que esperaban esta decisión, nun goberno provincial que non ten a maioría absoluta e que depende absolutamente do compromiso e da responsabilidade dos que hoxe están aquí. Cada un e cada unha dos que hoxe están aquí teñen unha parte alícuota de responsabilidade positiva en que o listado que teño aquí de enormes obras, que van supoñer unhas grandes satisfaccións a 1.200.000 habitantes da provincia, e o compromiso e a visión de futuro da Corporación que hoxe está aquí, significa esta fotografía, que é impresionante. Facendo unha comparativa, con outros plans de obras e servizos, que como ben sabedes obriga a súa asistencia a Lei de bases de réxime local, A Coruña, con 1.120.000 habitantes, achega 84 millóns de euros este ano ao Plan de obras e servizos, Valencia, con 2.500.000 de habitantes, achega 36, Sevilla, con 2.000.000 achega 41, Alicante, con 1.800.000 habitantes, achega 18, Cádiz, con 1.240.000 achega 4,3, Pontevedra, con 950.000 habitantes achega 42 millóns de euros, Lugo con 336.000 achega 21 millóns e Ourense, con 321.000 habitantes, non nos consta que achegue ningunha cantidade.

En calquera caso esta é unha visión compartida, que vén de lonxe, independentemente de quen governe esta institución e, polo tanto, sinceramente, creo que somos guía a nivel nacional nun tema tan importante como é a asignación obxectiva e transparente dos recursos públicos.

Moitísimas grazas a todos, e procedemos á votación.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP nº 188 de 3 de outubro de 2017.

Vistas as solicitudes presentadas telematicamente polos 93 concellos da provincia de acordo coas Bases reguladoras do plan, partindo das achegas provinciais que lles foron asignadas de forma obxectiva.

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018, cuxo resumo de cifras globais de financiamento dos distintos apartados nos que se estrutura, en función dos 3 tipos de

achechas provinciais aplicadas, e os 6 posibles obxectos do plan, é o que se indica a continuación, e cuxos datos por concello e relación de actuacións figuran nos ANEXOS I a VIII a este acordo segundo se detalla:

ANEXO I	Resumo xeral por concello por tipos de achega e obxecto
ANEXO II	Resumo por concello de importes consumidos por tipo de achega
ANEXO III	Pago a provedores
ANEXO IV	Gasto corrente
ANEXO V	Obras e subministracións
ANEXO VI	Honorarios de redacción de proxectos
ANEXO VII	Achechas a outros plans, programas ou convenios
ANEXO VIII	Redución de débeda con entidades financeiras

POS+ 2018						
TÁBOA RESUMO XERAL : OBXECTOS, TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL, PARTIDAS E ACHEGA MUNICIPAL						
OBXECTOS	ACHEGA PROVINCIAL 2018	ACHEGA PROVINCIAL 2017 -superávit-	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	TOTAL ACHEGA PROVINCIAL	CONCELLO	TOTAL
Pago a provedores	Cap II 0430/4592/46201 226.864,26	Cap II 0430/4595/46201 754.593,16		Cap II 981.457,42		0,00 1.275.586,03
	Cap VI 0430/4592/76201 11.224,26	Cap VI 0430/4595/76201 282.904,35		Cap VI 294.128,61		
	Total Pago provedores 238.088,52	Total Pago provedores 1.037.497,51		Subtotal pago provedores 1.275.586,03		
Gastos correntes	0430/4592/46201 18.414.364,43			18.414.364,43		0,00 18.414.364,43
Obras ou subminist.	0430/4592/76201 7.750.119,87	VARIAS 24.528.581,06	0430/9435/82120 11.087.436,85	43.366.137,78		2.511.617,05 45.877.754,83
Honorarios redacción proxectos	0430/4592/76201 87.427,18			87.427,18		0,00 87.427,18
Achegas municipais	0430/4592/76201	VARIAS		440.373,19		

a outros Plans	10.000,00	430.373,19			0,00	440.373,19
Reducción débeda entidades financeiras			0430/9435/82120			
TOTAL	26.500.000,00	25.996.451,76	15.169.989,91	67.666.441,67	2.511.617,05	70.178.058,72

POS+ 2018 ACHEGA 2017 DESAGREGADA SEGUNDO TIPO DE INVESTIMENTO						
	PARTIDA	OBRAS/SUBMINST	ACHEGAS	TOTAL		
Ordenación do tráfico	430 1335 76201	36.761,90		36.761,90		
Vías publicas	430 1536 76201	11.000.194,97		11.000.194,97		
Rede sumidoiros	430 1605 76201	1.724.517,44		1.724.517,44		
Abastecemento auga	430 1614 76201	1.722.683,72	10.406,60	1.733.090,32		
Iluminación pública	430 1655 76201	603.861,15		603.861,15		
Parques e xardíns	430 1715 76201	706.341,06		706.341,06		
Comercio	430 4316 76201	0,00	124.368,24	124.368,24		
Recursos hidráulicos	430 4522 76201	91.966,98		91.966,98		
Estradas	430 4530 76201	5.111.599,39	295.598,35	5.407.197,74		
Camiños veciñais	430 4546 76201	2.179.517,60		2.179.517,60		
Xestión Patrimonio	430 93395 76201	1.351.136,85		1.351.136,85		
TOTAL		24.528.581,06	430.373,19	24.958.954,25		

Aprobación definitiva deste Plan POS+ 2018 queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 3/2018 no que se consigna crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial 2017 ao POS+ 2018 nas partidas orzamentarias indicadas.

2.- Aprobar os proxectos das obras e os pregos de prescripcións técnicas das subministracións presentados polos concellos que se detallan no ANEXO V a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que no dito ANEXO V teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

3.- Aprobar o Plan complementario ao POS+ 2018, no que se inclúen as obras e subministracións solicitadas neste apartado polos concellos. Estes investimentos inclúense no plan con natureza de reserva, coa finalidade de poder investir en cada concello os créditos procedentes, ben das baixas de licitación ou anulacións de cada

concello, ou ben as maiores achegas ao plan que, no seu caso, poida aprobar a deputación.

ANEXO IX	Plan complementario
----------	---------------------

Aprobar os proxectos das obras e os pregos de prescripcións técnicas das subministracións presentados polos concellos para a súa inclusión no Plan complementario, e que se detallan no ANEXO IX a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que no dito ANEXO IX teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

4.- A contratación das obras e subministracións incluídas neste plan realizarana os respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas bases reguladoras deste plan, e as circulares que para tal fin se lle envíen aos concellos.

5.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que destinan a achega provincial asignada ao financiamento do pago a provedores, dos seus gastos correntes e ao financiamento das achegas municipais para investimentos adxudicados incluídos noutros plans, programas ou convenios, de acordo co detalle que figura nos correspondentes anexos a este acordo :

OBXECTOS PREPAGABLES	ANEXO
Pago a provedores	ANEXO III
Gastos correntes	ANEXO IV
Achegas municipais para investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios	ANEXO VII

O dito pago realizarase con cargo ás partidas indicadas, e segundo os datos contables do informe da Intervención desta Deputación.

6.- Dispor o pago do préstamo provincial aplicado polos concellos á redución do seu endebedamento con entidades financeiras, cuxo detalle figura no ANEXO VIII. Esta deputación transferiralle directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar, o importe do préstamo provincial que o concello solicitou aplicar a esta finalidade.

Redución da débeda do concello con entidades financeiras	ANEXO VIII
--	------------

7.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

8.- Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

9.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

10.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderán proseguir as actuacións.

ANEXO I: RESUMO XERAL POR CONCELLO E TIPOS DE ACHEGA E OBXECTOS

CONCELLO	1.-PAGO A PROVEDORES			2.-GASTOS CORRENTES	3.-INVESTIMENTOS				4.-HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTOS	5.-ACHEGAS MUNICIPAIS			6.-REDUCIÓN DE DÉBEDA	TOTALS					
	ACHEGA PROVINCIAL 2018	ACHEGA PROVINCIAL 2017	TOTAL PAGO A PROVEDORES		ACHEGA PROVINCIAL 2018	ACHEGA PROVINCIAL 2018	ACHEGA PROVINCIAL 2017	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018		ACHEGA PROVINCIAL 2018	ACHEGA PROVINCIAL 2018	ACHEGA PROVINCIAL 2017	TOTAL ACHEGAS MUNICIPAIS	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	ACHEGA PROVINCIAL 2018	ACHEGA PROVINCIAL 2017	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	TOTAL	
ABEGONDO			285.903,34		280.508,94			280.508,94							285.903,34	280.508,94	0,00	566.412,28	
AMES			140.000,00	423.005,00	552.355,26	499.268,58	1.474.628,84								563.005,00	552.355,26	499.268,58	1.614.628,84	
ARANGA			229.523,38		225.192,75		225.192,75								229.523,38	225.192,75	0,00	454.716,13	
ARES	51.252,34	51.252,34	133.369,85		99.420,68		99.420,68	20.200,73							136.185,23	153.570,58	150.673,02	136.185,23	440.428,83
ARTEIXO			609.393,32		597.895,33		597.895,33								609.393,32	597.895,33	0,00	1.207.288,65	
ARZÚA			395.726,58		388.260,04		388.260,04								334.675,26	395.726,58	388.260,04	334.675,26	1.118.661,88
A BAÑA			260.363,76		255.451,24	230.888,41	486.339,65								260.363,76	255.451,24	230.888,41	746.703,41	
BERGONDO			209.028,78		205.084,84		205.084,84								209.028,78	205.084,84	0,00	414.113,62	
BETANZOS			258.773,69	253.891,17	216.356,57	729.021,43									258.773,69	253.891,17	216.356,57	729.021,43	
BOIMORTO			165.000,01	49.675,72	210.625,23		260.300,95								214.675,73	210.625,23	0,00	425.300,96	
BOIRO			413.784,59	405.977,33	254.583,70	1.074.345,62									112.357,35	413.784,59	405.977,33	366.941,05	1.186.702,97
BOQUEIXÓN			176.000,00	64.239,26	235.706,44	213.042,36	512.988,06								240.239,26	235.706,44	213.042,36	688.988,06	
BRIÓN			263.755,92		258.779,39		258.779,39								263.755,92	258.779,39	0,00	522.535,31	
CABANA DE B.			255.244,58		250.428,64	221.749,21	472.177,85								255.244,58	250.428,64	221.749,21	727.422,43	
CABANAS			82.526,96	70.124,36	149.771,00	88.165,08	308.060,44								47.204,96	152.651,32	149.771,00	135.370,04	437.792,36
CAMARIÑAS		1.757,71	1.757,71	189.153,82		183.827,17	130.788,86	314.616,03							36.951,32	189.153,82	185.584,88	167.740,18	542.478,88
CAMBRE			440.752,88		432.436,79	35.999,48	468.436,27								354.856,85	440.752,88	432.436,79	390.856,33	1.264.046,00

A CAPELA				136.228,44		133.658,09		133.658,09						136.228,44	133.658,09	0,00	269.886,53
CARBALLO				726.205,21		712.503,22	643.993,30	1.356.496,52						726.205,21	712.503,22	643.993,30	2.082.701,73
CARNOTA				123.373,34	73.693,37	193.348,47	93.477,66	360.519,50					81.279,61	197.066,71	193.348,47	174.757,27	565.172,45
CARRAL	9.018,67	9.018,67	129.123,03	82.187,08	198.304,46		280.491,54						211.310,11	207.323,13	0,00	418.633,24	
CEDEIRA				260.403,15		255.489,88	230.923,55	486.413,43					260.403,15	255.489,88	230.923,55	746.816,58	
CEE				80.870,03	149.998,70	226.512,72		376.511,42					230.868,73	226.512,72	0,00	457.381,45	
CERCEDA				274.951,28		269.763,52	243.824,72	513.588,24					274.951,28	269.763,52	243.824,72	788.539,52	
CERDIDO				125.788,09		113.008,13		113.008,13				10.406,60	10.406,60	125.788,09	123.414,73	0,00	249.202,82
COIRÓS				127.998,15		125.583,09		125.583,09					127.998,15	125.583,09	0,00	253.581,24	
CORCUBIÓN				78.861,10		77.373,15		77.373,15					78.861,10	77.373,15	0,00	156.234,25	
CORISTANCO	163.384,04	342.686,82	506.070,86	185.892,91			280.218,30	280.218,30				29.517,86	349.276,95	342.686,82	309.736,16	1.001.699,93	
CORUÑA (A)	25.641,64	25.641,64	5.876,91	177.608,36	154.381,64		331.990,00					183.485,27	180.023,28	0,00	363.508,55		
CULLEREDO				485.521,87	48.570,61	524.015,26	473.629,18	1.046.215,05					534.092,48	524.015,26	473.629,18	1.531.736,92	
CURTIS				196.501,78	45.507,20	237.442,77		282.949,97					242.008,98	237.442,77	0,00	479.451,75	
DODRO				124.828,49		122.473,24		122.473,24				110.696,96	124.828,49	122.473,24	110.696,96	357.998,69	
DUMBRÍA				231.363,54	31.560,20	257.962,91	233.158,79	522.681,90					262.923,74	257.962,91	233.158,79	754.045,44	
FENE	15.159,30	15.159,30	277.171,55			256.782,60	218.762,72	475.545,32				27.030,92	277.171,55	271.941,90	245.793,64	794.907,09	
FERROL	10.152,62	10.152,62			247.606,89	283.728,65	142.613,23	673.948,77	51.925,94			123.010,22	299.532,83	293.881,27	265.623,45	859.037,55	
FISTERRA	6.482,45	6.482,45	147.535,85			138.269,70	84.667,49	222.937,19				46.166,19	147.535,85	144.752,15	130.833,68	423.121,68	
FRADES				214.323,87		210.280,02		210.280,02					214.323,87	210.280,02	0,00	424.603,89	
IRIXOA				95.570,18	73.887,50	166.260,35		240.147,85					169.457,68	166.260,35	0,00	335.718,03	
LAXE	74.704,48	145.219,77	219.924,25		73.307,98			73.307,98				131.256,33	148.012,46	145.219,77	131.256,33	424.488,56	
LARACHA (A)				383.757,49		376.516,78	340.313,25	716.830,03					383.757,49	376.516,78	340.313,25	1.100.587,52	
LOUSAME	1.028,50	1.028,50	218.630,53			213.476,93	146.431,84	359.908,77				47.448,06	218.630,53	214.505,43	193.879,90	627.015,86	
MALPICA DE B.		9.955,67	9.955,67	100.546,86	122.266,08	208.653,25		330.919,33					222.812,94	218.608,92	0,00	441.421,86	

MANÓN				179.662,32		176.272,46	159.323,19	335.595,65					179.662,32	176.272,46	159.323,19	515.257,97			
MAZARICOS				364.765,57		357.883,20		357.883,20					364.765,57	357.883,20	0,00	722.648,77			
MELIDE				373.612,21		366.562,92		366.562,92					373.612,21	366.562,92	0,00	740.175,13			
MESIA				129.247,98	117.621,05	242.211,12		359.832,17					246.869,03	242.211,12	0,00	489.080,15			
MIÑO				193.828,04		190.170,91		190.170,91					193.828,04	190.170,91	0,00	383.998,95			
MOECHE				115.469,13		129.138,61		129.138,61	6.152,91	10.000,00		10.000,00	131.622,04	129.138,61	0,00	260.760,65			
MONFERO				208.492,11	88.553,45	291.440,93	263.417,76	643.412,14					297.045,56	291.440,93	263.417,76	851.904,25			
MUGARDOS					157.757,75	154.781,19		312.538,94					157.757,75	154.781,19	0,00	312.538,94			
MUXÍA				301.282,93				0,00		295.598,35	295.598,35		301.282,93	295.598,35	0,00	596.881,28			
